

Teatro

Atracos

Roi VIDAL

PERSONAXES

ROBIN. Bandoleiro retirado. Raposo.

PEPA. Bandoleira retirada. Loba.

LUEIRO. Mascota en activo. Can.

MORENO. Empresario psicodramático e ventríloco retirado. Morto.

ROCKEFELLER. Monologuista e capitalista retirado. Boneco.

IAN CURTIS. Trovador retirado. Suicida.

CELSE EMILIO FERREIRO. Poeta resucitado. Zombi.

Público, traxes, máscaras, peliqueiros, carautas, recordos, oveos e mulleres con pouca roupa.

1. CINOFILIA

No interior dunha casa de clase media, nun sofá orellado de clase media, o señor ROBIN, de Loxsley, traballador de clase media e bandoleiro retirado, le un dos xornais máis lidos pola clase media. Ten un rabo de raposo de clase media e unha chaqueta americana deportiva de clase media. Ao seu carón, noutra sofá individual de clase media, a señora PEPA, da Ulla, traballadora da clase media e bandoleira retirada, ve un programa na televisión de clase media. Logo dun longo silencio de clase media inician un diálogo, tamén de clase media.

ROBIN: *(A ler no xornal.)* A que hora é o desfile?

PEPA: *(A ver na tele.)* Cabalgata!

ROBIN: A que hora é a cabalgata?

PEPA: Non penso ir. Non teño gana ningunha. Mátame a rañeira!

ROBIN: Por certo! Va que non sabes o que aprendín hoxe, miña putiña?

PEPA: Maldita candidiase! Xa eu dicía de lavarmonos!

ROBIN: Hoxe aprendín que no mundo existen moitas razas de cans. E que hai moitas federacións e clubs caninos a recolleren os seus estándares e a estudaren as súas características.

PEPA: Que o sexo sexa unha obriga matrimonial non quita para que sexa limpo. A ver agora como extermino eu estes fungos!

ROBIN: As máis famosas son a Federación Cinolóxica Internacional e a American Kenel Club, onde figuran razas de cans españolas, como o Mastín Español, ou portuguesas, como o can da Serra da Estrela, e así con distintas razas de cans e orixe como o Pastor do Cáucaso ou o Dogo Arxentino, por citar só un par de exemplos.

PEPA: Despois non te me poñas mexericas cando che confese que antepoño os meus amantes. Polo menos son sincera.

ROBIN: E aquí, ao igual que no resto das Comunidades Autónomas de España, tamén temos razas caninas. Razas autóctonas!

PEPA: Claro que se vas querer que cha lave eu mesma vas aviado. Prefiro o prurito!

ROBIN: Catro preciosas razas difíciles de encontrar aquí. E é que esta pequena parte da cultura é fundamental, xa que en España nunca se lle deu moita importancia ás razas de cans e agora estamos a intentar recuperalas.

PEPA: Lémbroche que non me colliches abandonada na rúa. Non estaba abandonada, precisamente.

ROBIN: España é o berce das razas de cans de caza e temos o deber de as coñecer, conservar, difundir e, o máis importante, recuperar.

PEPA: E aínda que viñese canda ti lingua de fóra, non foi o cheiro do teu periné o que me perdeu. O teu periné cheira a fuet ou a espetec e, segundo o día, mesmo a salami. Pero a min o que me perdeu foi o cheiro metálico do teu peto. E hai unha chea de días que non traes pasta á casa.

ROBIN: As razas galegas en proceso de recuperación son catro.

PEPA: Cales?

ROBIN: O Can de Palleiro!

PEPA: Ben!

ROBIN: O Perdigueiro Galego!

PEPA: Ben!

ROBIN: O Podengo Galego!

PEPA: Ben!

ROBIN: E o Guicho ou Quisquelo!

PEPA: Ben!

ROBIN: Non che parece interesante?

PEPA: Abofé! El cal será o avoengo do noso Lueiro?

ROBIN: Boa pregunta! Por que non llo inquires ti mesma?

PEPA: Estou a ver na televisión. Enganchei á de despois de comer. Porque non o fas ti?

ROBIN: Estou a ler no xornal. Demostra a fin da crise!

PEPA: Ai, que suplicio! Condenada candiase!

ROBIN: Por certo, seica ultimamente a raza que máis fama está a levar é a do Palleiro. Coñécese que é unha raza con *pedigree* á que non hai que confundir cos cans mestizos, que na Galiza reciben o nome de palleiráns ou palleiros.

PEPA: E de aí vén o malentendido?

ROBIN: Exactamente! Haiche moita ignorancia! O can de Palleiro debe o seu nome a que acostumaba estar a durmir nun palleiro e é un can de pastoreo, polo que o seu deber é o de axudar a pastorear o gando. Ves que erudición cinófila?

PEPA: Seguro que Lueiro é deses. Sempre anda a lles cheirar o cú as beatas da parroquia.

ROBINA: Eu tamén o fago, e non son palleiro. Nin sequera son un can!

PEPA: E ti que raza de raposo es?

ROBIN: Nos raposos é distinto. Para nós non existen razas, nin castas, nin clases. Polo menos para min, que sempre fun comunista.

PEPA: Mais terás que ter unha historia, un alcume de familia, ou os trazos dunha etnia.

ROBIN: Son o Príncipe dos Ladróns! Paréceche pouco alcume ese, miña putísima?

PEPA: Xa nin me lembraba! Como hai tanto que non exerces!

ROBIN: Queres que exerza agora, miña pendanga?

PEPA: Ai! Cala, que me sobe a comechón e non aguanto! Méxame enriba, para aliviarme este formigo!

ROBIN: Non sei se nos dará tempo! Temos que nos vestir para a cabalgata, meu caraveliño!

PEPA: Que non é unha cabalgata! É un desfile! E non me chames caraveliño! Chámame puta! Loba! Raposa! Non son bastante mamífera?

2.VENTRILOQUÍA

No televisor aparece un teatro ateigado de público. Entre os asistentes domina a pompa da clase pensionista, saudosa do perfume a amoníaco das antigas burbullas. Tamén abundan os animais disecados, os veludos de imitación e os tecidos sintéticos da vestimenta confeccionada en China. Conferencia de prensa de MORENO. O corvo ROCKEFELLER, detrás del, encárgase de lle mover o brazo ao ritmo das palabras que o célebre empresario psicodramático solta polos fociños.

MORENO: Bons días e boans noites e tódolos e a tódalas. Compareizo perante vostedes para lles informádeslles da nova reforma que a academia vén de aporbar encol dos dereitos e obrigas dos asistentes a espektáculos escéicos. A primeira medía que nos vimos obrigados a tomar con carácter de urxencia foi a rubida dos prezos das entradas, que a partires de arestora aumentan nun trescentos por cento respecto aos custes anteriores. Neste eido, cómpre matizar que un 0,7 por cento da subida irá destiado, en calidá de imposto adicional, para os gastos de mantemento e maquillax dos aitores, dramaturvos, directores, esceógrafos, coreógrafos, músicos e bailarías. Outra medida importante é a decisión da academia de limitar o repertorio das obras a dous únicos testos, argumentos, temas, estilos, paradigmas, escolas e códigos interpretativos. Os dous novos únicos espektáculos serán os seguintes: Para a primeira mitá da tempada, isto é, de outono a marzal, un espektáculo no que os intérpretes lucirán fremosos modelos de outono-inverno, isto é, tapabocas de la sintética, pantalóns de pana, gabáns de penas e outras prendas semellantes; e para a segunda metade da tempada, isto é, de abril a setembro, os intérpretes lucirán candanseu bañador, bikini, trikini, *top less* ou derivados. Os textos, argumentos, temas, estilo, paradigma, escola e código interpretativo serán idénticos para os dous tipos de espektáculo, é dicir, que as únicas diferenzas entre o espektáculo da tempada outono-inverno e o da tempada primavera-verán será a cantidade e tipo de roupa co que os intérpretes cubran os seus corpos. Dende a academia, reiteramos, por outra banda e secomasí, que non permitiremos máis irregularidades no tocante ao cumprimento da lei de asiñación de asentos, polo que os espektadores e as espektadoras que non senten no asento que lles foi asiñado terán prohibida a entrada aos espektáculos durante un período relativamente indefinido de tempo. E por suposto, toda persoa que non aprauda no seu debido momento ou aprauda cunha desgá mal disimulada será duramente pealizada conforme a lei de aprauso obrigatorio. E agora, se algún ten unha pregunta, que consulte na lista que lles foi entregada a relación completa de preguntas posibles ao carón das cais se lles fornece o correspondente link

á correspondente resposta. (*ROCKEFELLER dille algo ao ouvido.*) Moitas grazas pola súa atención. *The show must go on!*

3. SUBMISIÓN

No mesmo salón de clase media. Agora é ROBIN quen mira a televisión e PEPA a que le no xornal. Atenden á vez, como poden, aos seus respectivos aparellos electrónicos rectángulos de tamaños diversos. Falan coa desgana dun bocexo eterno.

ROBIN: Abúrrome. Que facemos?

PEPA: Non sei? Que día é hoxe?

ROBIN: Martes.

PEPA: De que mes?

ROBIN: Non o sei. Vai mirar pola fiestra.

PEPA: Vai ti, eu estou a ler no xornal.

ROBIN: E eu estou a ver na televisión.

Entra, cos típicos movementos ostensibles e rápidos do rabo, LUEIRO.

LUEIRO: A cea está servida, señora.

PEPA: Ah, Lueiro, estabas aí?

LUEIRO: Acabo de chegar, señora.

ROBIN: Ah, Lueiro, estabas aí?

LUEIRO: Acabo de chegar, señor.

ROBIN: Lueiro, que día é hoxe?

LUEIRO: Martes, señor.

PEPA: De que mes?

LUEIRO: Martes de Entroido, señora.

ROBIN: Martes de Entroido! (*Érguese do sofá e vai mirar pola fiestra*)

PEPA: Lueiro, ti de que raza es?

LUEIRO: De que raza, señora?

ROBIN: (*Logo de mirar pola fiestra*) Miña querida candonga! Na rúa a xente baila e fode sen miramentos!

PEPA: Iso é imposible!

ROBIN: Dígoche que a xente está a foder toda xunta! Creo que é a revolución!

LUEIRO: É Martes de Entroido, señor!

ROBIN: Ah! Martes de Entroido! Xa sei o que podemos facer para non nos aburrir!

PEPA: Que?

ROBIN: Lueiro, podes retirarte.

LUEIRO: Pero, señor, a señora estaba a preguntarme...

PEPA: Lueiro, obedece ao señor!

LUEIRO: Pero, señora, a cea está lista...

ROBIN: Lueiro, go!

LUEIRO retírase co rabo entre as pernas.

PEPA: Que podemos facer para non aburrírmolos, querido?

ROBIN: Disfrazarnos!

PEPA: Disfrazarnos? E para iso mandaches saír a Lueiro?

ROBIN: Querida! Xa sabes o nervioso que se pon!

PEPA: Estaba a piques de me confesar a súa raza!

ROBIN: Iso non é divertido, querida! Xa sabes que aborrecemos a cinofilia.

PEPA: Pero hai tanto tempo que non o facemos! Non quedaramos en que iamos ver o desfile pola televisión, ou que leríamos mañá a crónica da cabalgata nos xornais deportivos?

ROBIN: Hai que estar cos tempos, querida! Xa ouviches a Lueiro!

PEPA: Lueiro defende os intereses das clases populares! A que temos que ir nós a mesturarnos con esa xentalla?

ROBIN: Pode ser divertido. Facer coma se non tivesemos cambiado. Como se seguíssemos a ter ilusión e esperanza en mudar as cousas.

PEPA: Está ben! Pero que conste que o fago só para que Lueiro non pense que ficamos na estacada.

4. RAJOY DIVISION

IAN CURTIS descende dunha soga. Pon unha careta de Mariano Rajoy e comeza a cantar Atmosphere. Baila cos seus característicos movementos espasmódicos. Acompaña unha caterva de mulleres con pouca roupa e caretas de Rajoy. Durante a actuación, os espasmos son cada vez máis violentos. Contra o final do tema, sofre un ataque de epilepsia que deixa o seu corpo contorsionista e babexante sobre o escenario.

IAN CURTIS: Walk in silence./ Don't walk away, in silence./ See the danger,/ Always danger,/ Endless talking./ Life rebuilding./ Don't walk away.// Walk in silence./ Don't turn away, in silence. / Your confusion, / My illusion,/ Worn like a mask of self-hate,/ Confronts and then dies./ Don't walk away.// People like you find it easy./ Naked to see./ Walking on air./ Hunting by the rivers./ Through the streets./ Every corner abandoned too soon,/ Set down with due care./ Don't walk away in silence./ Don't walk away*.

5. ENTROIDADA

O salón é unha festa de disfraces. Un biombo no centro converte en máxicas as misteriosas transformacións. PEPA de enfermeira sexy. ROBIN de lanzal astronauta.

PEPA: Ai, Robin! Que ben que o estou a pasar! É tan de pobres soñar que es outra! Que morbazo dá!

ROBIN: (*Movendose a cámara lenta sobre as puntas dos pés.*) Mira, mira! Ríome eu da mazá de Newton!

* Camiñas en silencio./ Non te vaias, en silencio./ Mira o perigo,/ sempre perigo./ Conversas sen final./ A vida a comezar de novo./ Non te vaias.// Camiñas en silencio./ Non te afastes, en silencio./ A túa confusión,/ a miña ilusión,/ vestida coma unha máscara de odio cara a ti mesmo,/ faiche fronte, e despois morre./ Non te vaias.// Os que son coma ti encontrano doado./ Non o poden ver./ Camiñando polo aire./ Cazando cerca dos ríos./ A través das rúas./ Esquinas abandonadas demasiado ás présas,/ coa debida sutileza./ Non te vaias en silencio./ Non te vaias.

PEPA e ROBIN métense detrás do biombo.

PEPA: Meu raposo! Dóeme a cabeza de tanto teimar en facer memoria! E pensar que este divertimento foi en tempos valiosa arma!

ROBIN: A min o corazón pónseme de punta! Velo?

PEPA: Mudan os tempos, mudan as vontades!

ROBIN: Abofé! E os traballos!

Entra LUEIRO cunha bandexa chea de comida.

LUEIRO: Señora, pensei que lles gustaría cear quente por unha vez na vida... Señora?

PEPA: Aquí!

LUEIRO: Onde?

ROBI: Detrás do biombo!

LUEIRO: Oh! Desculpen os señores! Non imaxinei que estivesen a... Xa marchou!

PEPA: Espera, Lueiro! Tes que ver unha cousa!

LUEIRO: Non fai falta, señores! *(Saíndo.)* Vou cortar as uñas!

ROBIN: Lueiro, *sit!*

A pesar do enorme esforzo, LUEIRO non é quen de desobedecer tan concreta orde. PEPA, de Garda Civil, e ROBIN, de Cego polas Portas, saen de detrás do biombo e amosan ante a mascota todo o esplendor dos seus disfraces.

PEPA: Tacháaaaaa!

LUEIRO: *(Aplaudindo)* Bravo! Bravo! Señores, non saben o feliz que me fan! Había tanto tempo que non se disfrazaban!

PEPA: Ai! Cala, mala besta! Non nolo recordes!

LUEIRO: *(Comeza a masturbarse)* E xa lles ía sendo hora de se poñeren mans á obra!

ROBIN: Pero este que di?

PEPA: Lueiro, de que falas?

LUEIRO: De vostedes. Dos disfraces. Alédame velos de novo nas andadas, coma nos vellos tempos!

ROBIN: Querida! Isto é indignante! O teu can quere remexer nas cinzas do pasado!

PEPA: Como fas ver que careces de lóbullo frontal, Lueiriño! Estás a sacar conclusións disparatadas. Isto facémolo só por diversión!

LUEIRO: Por diversión? Pero, señora! Os señores non deben desaproveitar a súa experiencia na motivación e liderado das masas!

ROBIN: Isto é intolerable, querida! A calar, Lueiro! Palleirán! Terrorista!

PEPA: Non lle fales así ao cadeliño, home!

ROBIN: E máis que lle había falar! Co ben que o estabamos pasando! Ademais, os cans non falan!

PEPA: Lueiro, isto é só unha brincadeira. Só che pedimos que esteas caladiño e que nos asesores sobre que disfrace nos acae mellor, comprendes?

6. ARQUEOLOXÍA HIP HOP

Celso Emilio Ferreiro sae da súa tumba como un dos bailaríns do videoclip de Thriller de Michael Jackson e ponse a rapear o seu poema "O Atraco".

CELSE EMILIO FERREIRO: Maus arriba e boca abaixo o pobo./ Vimos a instalar o silencio,/ cero preguntas,/ cero movementos./ Porque esto é un atraco,/ estades vendo/ as pistolas alegres/ i os índices propensos/ capaces de asumir/ mortos a centos./ Pun, pun, ao que se mova,/ pun, pun ao que recrame dereitos,/ sexa home ou muller,/ pun, pun, todos interfectos./ Non hai cousa mellor/ pra impoñer a ley do retroceso,/ o orde equidistante,/ a paz do cimiterio,/ a misa do domingo,/ o salario do medo/ i o culto aos xerárquicos/ estamentos. Maus arriba e boca abaixo o pobo./ Non perdamos mais tempo./ Porémoslle control/ as volveretas e ao vento,/ os coitos e as preces,/ a luz i o alimento.// Con tricornios de neve/ e vergallos domésticos/ degolaremos as gorxas/ oblicuas do pensamento,/ e a rosa azul dos soños,/ inxertaremos./ Serán para sempre nosos/ os vosos esqueletos.// Os ollos pra chorar/ tan só vos deixaremos.

7. RESACA

Os dous antigos bandoleiros volven á casa despois dunha troula etílica. Dos disfraces só quedan farrapos esfiañados. O pasado é unha lenda. O futuro unha ficción.

PEPA: Olo coa recepción, Lueirancho; vimos derreados!

ROBIN: Ao final fixémosche caso e saímos á rúa cos disfraces!

PEPA: E non eramos os únicos!

Entra LUEIRO cunhas roupas que semellan ser máis disfraces.

LUEIRO: Alégrome, señores. Mais agora éelles un pouco tarde de máis para durmiren. Hoxe non é feira.

ROBIN: A traballar outra vez?

PEPA: Como odio os luns!

LUEIRO: Hoxe é mercores.

PEPA: Ai! Que vida de cans a nosa!

ROBIN: Non podo! Chamarei e direi que estou de baixa! Que teño a baricela!

PEPA: E eu que estou preñada!

LUEIRO: Ánimo, señores! Vístanse e inxirran un café ben denso, que o día élle máis duro do que a noite.

ROBIN e PEPA van poñendo as prendas que lles trouxo LUEIRO. O del é unha armadura de antidisturbios, o dela vestimentas de manifestante.

ROBIN: Sobre que protestaredes hoxe, querida?

PEPA: Que máis dá? Eu sempre levo a mesma pancarta.

ROBIN: Está ben, querida. Vémonos na praza. Desculpas anticipadas.

PEPA: O mesmo digo, querido. Desculpas anticipadas.

ROBIN e PEPA vanse cada un polo seu lado.

8. RESAIBO

Lueiro pon unha perruca e un vestido como as de Magali Noel no filme Rififi de Jules Dassin. Canta a canción Le Rififi, en plan revista, cun grande coro de bonecas destetadas a moveren os rabiños.

LUEIRO: Mon homme est un type à la coule./ Toute la sainte journée y s' les roule./ Il a beaucoup d' philosophie/ Mais il aime trop le rififi./ À peine un aut' gars m' fait du gringue/ Qu'il pose la main sur son flingue./ Redresse son galure et vas-y./ Pour un p'tit coup de rififi./ J' voudrais m'en mêler mais du doigt/ Il me montre la porte et me dit "Tire-toi"./ Et quand il revient sans rien dire/ Avec son méchant p'tit sourire/ À mon tour ça n' fait pas un pli/ Je suis bonne pour le rififi./ Vous avez l' air d' entraver qu' dalle/ À mon histoire, quand je vous parle du rififi./ Ce n' est pas un mot ordinaire/ Vous n' trouverez pas dans l' dictionnaire./ Le rififi Il est à nous et faut voir comme/ On le comprend chez les vrais hommes./ Le rififi./ Ne vous creusez donc plus l' cigare/ C' est tout simplement la bagarre/ Le rififi/ Quand j' ai bien travaillé la s' maine/ Dimanche au ciné y m' emmène/ C' qu' on joue, c' est l' cadet d' ses soucis/ Pourvu qu' y ait du rififi./ En amour ce n' est pas un tendre/ Les p' tits mots doux j' peux les attendre/ Il dit toujours que les souris/ Ça doit marcher au rififi./ Et quand y s' laisse aller pour de vrai./ Rien que pour le principe, y beigne après./ Mais quand il m' a bien corrigée/ Qu' auprès d' lui je suis allongée./ Pour retourner au paradis/ C' est moi qui d' mande du rififi*.

* O meu home é un tipo espelido./ Raña os collóns todo o santo día./ Ten moita filosofía/ pero gústalle demasiado armar trafusca./ Se outro tipo me fai as beiras/ xa bota a man á pistola./ Coloca o chapeu e alá o vai./ a armar unha pouca trafusca./ Eu meteríame, pero sinala/ a porta co dedo e dime: "Fóra!"/ E cando volve, sen dicir nada./ con ese sorrisiño cabrón./ non me queda dúbida:/ vou levar trafusca eu tamén./ Teñen pinta de non entender un carallo/ da miña historia, cando lles falo da trafusca./ Non é unha palabra corrente./ non a encontrarán no dicionario./ A trafusca é nosa, e paga a pena ver/ o ben que a entenden os homes de verdade./ A trafusca./ Non lle dean máis voltas á cabeza/

9. OUVEO

*LUEIRO recolle os restrollos da violenta velada. Senta nun sofá e le no xornal. Confor-
me vai lendo vaise poñendo nervioso. Ensina
a dentame. Pronuncia tímidos gruñidos. A
medida que vai pasando as páxinas, ensina
máis a dentame e emite maiores improprios
onomatopéicos caninos en forma de gruñidos,*

*ouleos, ladros, berros, ouveos e gallamoutos.
Esnaquiza o xornal e ensina as fauces amea-
zantes a espectadores e espectadoras, até que
estes comezan, timidamente, a calmar a mas-
cota cos seus tímidos e obrigatorios aplau-
sos, cuxo efecto de bola de neve acaba por
provocar unha ovación histórica e gloriosa.*

Feito despois de

A cantante calva, de Eugene Ionesco;

Robin Hood, príncipe dos ladróns, de Walt Disney;

Du Rififi chez les hommes, de Jules Dassin;

O Atraco, de Celso Emilio Ferreiro;

Atmosphere, de Joy Division;

Dogville, de Lars Von Trier;

Pepa a Loba, de Carlos Reigosa

e *Control*, de Anton Corbijn.

trátase simplemente dunha liorta./ A trafusca.// Cando traballo duro pola semana,/ o domingo lévame ao cinema./ O que boten impórtalle ben pouco,/ con tal de armar unha pouca trafusca./ No amor non é un tipo cariñoso./ Polas palabras bonitas podo esperar sentada./ Segundo el, para as raparigas/ non hai como a trafusca./ E cando por fin se deixa ir,/ cáeme unha hostia á primeira de cambio./ Pero cando xa me deu o meu merecido/ e estou deitada ao seu carón,/ para volver ao paraíso/ son eu a que lle pide trafusca.// Teñen pinta de non entender un carallo/ da miña historia, cando lles falo da trafusca./ Non é unha palabra corrente,/ non a encontrarán no dicionario./ A trafusca é nosa, e paga a pena ver/ o ben que a entenden os homes de verdade./ A trafusca./ Non lle dean máis voltas á cabeza:/ trátase simplemente dunha liorta (tradución de Samuel Solleiro).